

# AS PALABRAS NO CAMIÑO

*IES AQUIS CELENIS - CALDAS DE REIS*



## PARTICIPANTES

*Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º ESO*

*Alumnado de TIC de 1º e 2º Bach*

*Profesorado: 15 (9 departamentos)*

# O PORQUÉ:

*Desenvolvemento de competencias*

*Aprendizaxe-servizo*

*Posta en valor do noso*

*Emprego das TIC*

# Alfabetización mediática e informacional (AMI):

"saber **cando** e **por que** necesitas información, **onde** atopala e **como avaliala, empregala e comunicala** de manera **ética**"[1], empregando calquera tipo de medio de comunicación e outros proveedores como bibliotecas, arquivos, museos ou internet.

*[1]Colexio de Bibliotecarios e Profesionais da Información británico (CILIP)*


APP
Etapas do camiño
Elixir as Palabras
Deseño do percorrido
Fichas busca de información
Creación adiviñas
Creación de textos para os audios
Gravacións dos sons dos lugares
Pescudando na etimoloxía
Fotografando a contorna
Gravación dos audios e tradución ao inglés
Creación do logo
Creación dos vídeos

ETAPA 1 – Lisboa-Alhandra

ETAPA 2 – Alhandra-Azambuja

ETAPA 3 – Azambuja-Santarém

ETAPA 4 - Santerém-Golega

ETAPA 5 – Golega-Tomar

ETAPA 6 – Tomar-Alvalázere

ETAPA 7 – Alvalázere-Rabaçal

ETAPA 8 – Rabaçal-Coimbra

ETAPA 9 – Coimbra-Mealhada

ETAPA 10 – Mealhada-Águeda

ETAPA 11 – Águeda-Albergaría a Velha

ETAPA 12 – Albergaría a Velha-Oliveira de Azeméis

ETAPA 13 – Oliveira de Azeméis-Grijó

ETAPA 14 – Grijó-Oporto

ETAPA 15 – Oporto-Vilarinho

ETAPA 16 – Vilarinho-Bacelos

ETAPA 17 – Barcelos-Ponte da Lima

ETAPA 18 – Ponte da Lima-Rubiaes

ETAPA 19 – Rubiaes-Tui

ETAPA 20 – Tui-O Porriño

ETAPA 21 – O Porriño-Redondela

ETAPA 22 – Redondela-Pontevedra

ETAPA 23 – Pontevedra-Caldas de Reis

# AS ETAPAS DO CAMIÑO

*Alumnado de 1º ESO (Xeografía e Historia): Etapas do camiño*

*Alumnado de 1º ESO (Bioloxía): Enderezos electrónicos dos albergues e/ou freguesías*

# PALABRAS, PALABRIÑAS

Castro{}Castro
Altar {}Altar
Rosetón{}rosetão
Cruceiro{}Cruzeiro
Columna{}Coluna
capela{}Capela
Arquivolta{}Arquivolta
Absida{}Absite
Arcobotante{}Arcobotante
Mosaico{}Mosaico
Parteluz{}Em português nao existe; sinónimo mainel
Tímpano{}Timpano
Bóveda{} Abobeda
Cupula{}Cúpula
Portada{}Portada
Torres{}Torre, fortaleza
Mosteiro{}Mosteiro
Pazo{}Paço
Arco{}Arco
Cruz{}Cruz
Vidreiras{}Vitral
Contraforte{}Contaforte
botafumeiro{}Incensário
Porta santa{}Porta Santa
Celosía{}Gelosia
Fresco{}Fresco
Piar{}Piar
Alicerce{}Alicerce
Panteón{}panteão
Canzorro{}modilhão
Adro{}Átrio
Igrexa{}Igreja
Anxo{}Anjo

*Alumnado de 2º e 3º ESO (Xeografía e Historia, Música):*

*Busca das palabras*

*Alumnado de 2ºESO (Portugués):*

*Comprobación do significado das palabras*

# CREACIÓN DE ADIVIÑAS

**1. Trobador /trovador:**

**Adiviña:**

*Sabe de rimas,*

*sabe de sons*

*ten imaxinación*

*e na Idade Media compón.*

**Opcións de resposta**

- Trobador/Trovador

- Xograr/jogral

- Cantante

*Alumnado de 2º ESO (Lingua Galega e Literatura)*

# ACHEGA ETIMOLÓXICA

## Castro

Portugués; castro / castelán: castro / inglés: hill fort / italiano: collina forte / francés: colline fort

Provén do latín *"castrum"*, que significaba "recinto fortificado". Os romanos empregaron este termo para designar os poboados fortificados característicos da Idade de ferro no noroeste da Península Ibérica (da cultura que denominamos castrexa).

O termo castro asóciase á raíz indoeuropea kes- (cortar, afastar), de onde proveñen tamén palabras coma castrar e casto. A esta raíz uniríaselle o sufixo instrumental

*Alumnado de 4º ESO (Latín)*

1.- Pazos e casas grandes
2.- Igrexa de Santa María de Caldas
3.- Casa do Concello
4.- Balneario Acuña
5.- Río Umia
6.- Muíños de auga
7.- Casas modernistas e eclécticas
8.- Fonte das Burgas e outras fontes
9.- Balneario Dávila
10.- Igrexa de Santo Tomás e As Palmeiras
11.- Cruceiros e petos de ánimas
12.- Tesouro de Caldas
13.- Parque Botánico
14.- Carballeira
15.- Rúa Real e o Camiño de Santiago
16.- Torre de Dona Urraca
17.- Ponte Bermaña e Vía Romana XIX
18.- Igrexa de San Andrés de Cesar
19.- Igrexa de Santa María de Bemil
20.- Igrexa de Santo Estevo de Saiar
21.- Ponte de Segade
22.- Fervenza de Segade e Fábrica de Luz
23.- Petróglifos de Caldas

# LUGARES SIGNIFICATIVOS




*Alumnado de 1º ESO (Xeografía e Historia): Lugares e itinerario*

# O PATRIMONIO COMO AGASALLO

**1. Balneario Acuña:**

**Nome:** Balneario Acuña

**Ubicación:** Rúa da Ferrería, 2. Caldas de Reis

**Tipoloxía:** edificio privado dedicado ao servizo hoteleiro

**Estilo:** modernismo

**Cronoloxía:** As primeiras edificacións datan do século XIX pero o edificio actual é de 1 de xullo de 1906

**Historia:** Don Pedro Acuña y Malvar, secretario do monarca Carlos IV, comezou a súa construción pois ao sufrir de moitos problemas dixestivos pasaba longas tempadas en Caldas de Reis para beber das súas augas termais. Cando se recuperou, decidiu mercar as fincas ondes estaban estas fontes termais para apoveitalas e construír unha Casa de Augas.

O primeiro proxecto encargoullo ao arquitecto Don Melchor de Prado y Mariño (responsable da Colexiata de Vigo e do Teatro Principal de Santiago de Compostela), pero a morte de Don Pedro paralizou a obra cando só se edificara o piso de abaixo e parte das habitacións do piso alto.

A comezos do século XX todo o terreo pasaría ás mans de Elisardo Domínguez Rosados, un rico indiano establecido en Caldas de Reis. O encargado de darlle a forma actual ao balneario sería o insigne enxeñeiro palentino, Jenaro de la Fuente Domínguez. No ano 2007 o balneario sufriu outra reforma na súa totalidade.

Unha das súas principais atraccións é a piscina termal, que renova a súa auga constantemente, auga que alcanzao durante todo o ano os 30º C. Debido ao carácter termal das súas augas, pódense realizar variados tratamentos terapéuticos que permiten poñer en valor a súas propiedades.

**Descrición:** edificio con habitacións todo confort para uns 100 hóspedes, terraza, resturante, teatro, billares, salón de lectura, xunto cun departamento de baños e augas con toda clase de adiantos que a hixiene moderna e o luxo de primeiros de século esixían.

Ten unha galería na fachada norte. Consta de sótano, planta baixa, tres pisos e planta con bufarda. A fachada principal ten un corpo destacado no centro, composto por tres vans e dous corpos laterais. A esquina esquerda é redondeada.

**Relevancia:** unha das grandes casas de baños de Caldas de Reis e tamén de toda a provincia de Pontevedra. Atópase na entrada da vila polo que é tamén un dos primeiros lugares que ven os nosos visitantes cando entran en Caldas desde o sur.



*Alumnado de 1º,2º 4º ESO. Xeografía e Historia e Bioloxía: Elaboración das fichas de busca de información.*

# ELABORACIÓN DOS TEXTOS

**2- BALNEARIO ACUÑA**

Este edificio privado dedicado ao servizo hoteleiro é o balneario Acuña, unha das grandes casas de baños de Caldas de Reis.

As primeiras edificacións datan do século XIX, mais a construción actual, de estilo modernista, é de 1906. No seu interior acolle cuartos para aloxar 100 hóspedes, terraza, restaurante, teatro, billares, salón de lectura e un departamento de baños e augas con todos os adiantos de hixiene e o luxo que se esixían a principios do século XX.

Mais a quen debemos a construción deste edificio?

Don Pedro Acuña y Malvar, secretario do monarca Carlos IV, despois de ter sufrido moitos problemas dixestivos e de pasar longas tempadas en Caldas para beber das súas augas, decidiu mercar as leiras onte estaban as fontes e construír alí unha Casa de Augas.

O primeiro proxecto encargoullo ao arquitecto Don Melchor de Prado y Mariño (responsable tamén da Colexiata de Vigo e do Teatro Principal de Santiago de Compostela), mais a súa morte paralizou a construción.

A comezos do século XX todo o terreo pasou ás mans dun rico indiano establecido na localidade, Elisardo Domínguez Rosados. O encargado de darlle a forma actual foi o insigne enxeñeiro palentino Jenaro de la Fuente Domínguez. A última intervención foi no 2007, cunha reforma que afectou á totalidade.

Hoxe, a principal atracción nesta casa de baños é a súa piscina termal cunha temperatura constante de 30 graos centígrados.



*Alumnado de 4ºESO. Lingua Galega e Literatura: Transformación de fichas de busca de información en textos*

# LECTURA EXPOSITIVA




*Alumnado de 1º ESO*
*Lingua Galega e Literatura: transformación dos textos expositivos en audios.*

# TRADUCIÓN AO INGLÉS

**23- PETROGLYPHS OF CALDAS**

These symbolic drawings engraved on the rocks are called "petroglyphs". The oldest one originates from the Neolithic Age, though many of the ones that are located in the Montes of Caldas are from the Age of the Metals, more particularly with the Bronze Age, i.e. between the 3 000 B. C. and 1000 B. C.

They were carried out using the technique of carving into the surface of rocks to create a series of symbolic designs of different styles: abstract, geometric, objects or figurative.

The deposits that you can see in the town of Caldas and its region are some of the best, world-class ensembles of this Prehistoric art. Although each one has a different chronology and typology, what they do share is the cultural, social and religious importance they had regarding multiple generations of hard work. They belong to the Galaico Group which is characterized by complex carvings on hard granite and an enormous variety and quantity.

Among the different groups of petroglyphs stands out the Pedra da Grada, Outeiro do Corno-type, which is exceptional because there are very few examples like this. There are some in Laxe dos Bolos (in Mount Xiabre) and Cequeril (Cuntis).

The Galician petroglyphs constitute an original and unique group. However, they are not always easy to visit given how difficult they are to access, which results in a lack of awareness about them for a large part of the population.

*Alumnado de 4º ESO Inglés*

# CREACIÓN DO LOGO



*Alumnado de 4º ESO TIC*

# FOTOGRAFANDO A CONTORNA











*Alumnado de 1º, 3º ESO (Xeografía e Historia)*

# PAISAXES SONORAS

- Paisaxes sonoras: o son dos lugares



*Alumnado de 3º ESO Música*

# MONTAXE DOS VÍDEOS




*Alumnado de1º Bach TIC*

# CREACIÓN DA APP










*Alumnado de 2º Bach TIC*

# DIFUSIÓN NO CAMIÑO E APRENDIZAXE-SERVIZO






## Alfabetización mediática e informacional (AMI):

"saber **cando** e **por que** necesitas información, **onde** atopala e **como avaliala, empregala e comunicala** de manera **ética**"[1], empregando calquera tipo de medio de comunicación e outros proveedores como bibliotecas, arquivos, museos ou internet.

*[1]Colexio de Bibliotecarios e Profesionais da Información británico (CILIP)*



# IESCALDASLETRAS

Blog da Biblioteca do IES Aquis Celenis